

Applets

Applets

Un applet é unha aplicación Java que se descarga da rede e pode executarse nun navegador Web, normalmente embebido nunha páxina Web. Un applet ten que ser unha subclase da clase `java.applet.Applet`.

O ciclo de vida dun applet está directamente relacionado con catro métodos da clase `Applet`:

- **init**: Úsase para inicializar o applet.
- **start**: Chámase automaticamente despois do método `init`. Vólvese chamar cada vez que un usuario regresa á páxina que contén o applet, despois de visitar outras páxinas.
- **stop**: Chámase automaticamente cando o usuario abandona a páxina contendo o applet. Pódese usar este método para parar unha animación.
- **destroy**: Chámase cando o navegador se pecha de xeito normal.

Polo tanto, un applet pode inicializarse unha única vez, empezar ou parar a súa execución unha ou máis veces durante a súa vida, e destruírse unha única vez.

Nos primeiros anos de existencia desta tecnoloxía a súa gran vantaxe fronte ás aplicacións Java era que podían implantarse facilmente a través da Web. Con todo, a aparición de [Java Web Start](#) fai que a día de hoxe as aplicacións Java standalone tamén se podan implantar facilmente.

Para carar un applet nunha páxina web hai que usar a etiqueta `applet`:

```
<applet code=AppletWorld.class width="200" height="200">
```

Pódese usar o `appletviewer` que é un programa lixeiro para testar os applets:

```
appletviewer AppletWorld.html
```

Convén probar os applets en varios navegadores.

NOTA: Ver a ligazón [Instalar Java Plugin para Linux](#)

Exemplos

Ver a seguinte ligazón: [Exemplos](#)